

Os escritores analizan o futuro da literatura galega en medio dunha crise de vendas

Ningunha editorial oculta a crise de vendas do libro galego, sobre todo da narrativa. O IV Congreso de Escritores a celebrar en Vigo foi convocado para esta fin de semana precisamente co lema "O futuro da literatura galega".

Xosé M^a Álvarez Cáccamo, presidente en funcións da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), entidade que organiza o congreso, xulga que a situación é preocupante. "Hai unha perda de falantes alarmante e iso ten unha repercusión, aínda que seña indirecta, sobre o número de lectores. As editoriais que viñan publicando entre oito e dez novelas ao ano, agora non editan máis de catro ou cinco. Na poesía non se constatan as queixas porque as vendas sempre foran exiguas".

A pregunta de se a baixada de lectores non virá tamén determinada pola calidade, Álvarez Cáccamo responde que "desde un punto de vista social é negativo que se publique menos, aínda que a calidade non seña sempre a que a todo o mundo lle gustaría, pero tampouco a narrativa española ou francesa é toda lexíbel".

A maiores da crise, o presidente da AELG valora tamén os cambios producidos nos últimos anos. "Penso que xa pasou a inflación das novelas de xénero, sobre todo policiais, que chegaron a ser moi recomendadas nos institutos. Hoxe obsérvase un maior recurso á memoria histórica, caso de Luis Rei Núñez con *Expediente Artieda* ou Rivas con *O Lapis do Carpinteiro* e tamén un certo auxe da novela experimental, ben representada por Caneiro".

Mellor situación na poesía e no ensaio

En poesía estase a dar, na opinión de Álvarez Cáccamo, un auxe do erotismo, exento de pudor, sobre todo nos poemas femininos onde destacan Luísa Castro, Iolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa ou Lupe Gómez. Tamén se recuperaron a cotidianidade e os temas políticos. "En Galicia non existe —apunta— algo semellante ao monopolio da poesía da experiencia que se dá en España e que domina nos premios, nas publicacións, etc.

Aquí ninguén reivindica monopolismos, a coexistencia de tendencias é moi clara".

Álvarez Cáccamo coida que "a sociedade literaria galega está bastante unida. Viuse no da Academia. Autores ideologicamente distantes coincidiron na defensa do acordo".

No lado positivo, Cáccamo encontra tamén "a gran apertura que se está producindo no ensaio, con exemplos como o da editorial Laivento que se dedica maioritariamente a este xénero, os libros de investigación teórica e certas especializacións como a historia ou a antropoloxía, onde destacan obras como a de Marcial Gondar". Finalmente, e neste mesmo ámbito, recoméndanos un libro: *Nación, literatura e identidade*, de Antón Figueroa, publicado recentemente por Xerais. Unha obra que, desde o punto de vista teórico, ten bastante que ver co que se debaterá neste congreso. ♦



Os editores reclaman máis espazo para a libro galego no trinque das librerías.

A.N.T.

Calendario do IV Congreso de Escritores

Venres 14. Ás 19.30 h. Acto inaugural. 20 h. Conferencia inaugural de Francisco Fernández del Riego.

Sábado 15. Mañá. A partir das 10.30 h. Mesa redonda arredor do tema *Creación literaria: discurso e aventura*. Participan Xavier Alcalá, Marta Dacosta,

Miguel Mato Fondo, M^a Xosé Queizán, Pilar Pallarés e Suso de Toro. Tarde. A partir das 16.30 h. Mesa redonda arredor do tema *Texto e contexto para unha literatura nacional*. Participan Salvador García Bodaño, Emilio Xosé Insua, X.M. Millán Otero, Ramón Nicolás,

Francisco Rodríguez e Luisa Villalta.

Domingo 16. Ás 11.30 h. Acto de clausura. Ás 12 h. Conferencia de clausura a cargo de Basilio Losada.

Lugar: Vigo. Centro Cultural Caixanova. Sala de conferencias. ♦

ESPIRAL
MAIOR

MANUEL MARÍA

OBRA POÉTICA COMPLETA

TOMO I (1950-1979)

TOMO II (1981-2000)

50 anos de poesía

O mellor agasallo no tempo de Nadal
Proximamente en todas as librerías

ler é ser